



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

-Documento: **ADXUDICACIÓN DEFINITIVA POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 24 DE MAIO DE 2010.**

-Contrato: **DA OBRA: “CONSTRUCCIÓN E MELLORA DE SANEAMENTOS E ABASTECIMENTO DE MOURENTE E A ESTRADA” (OBRA DO FEESL).**

-Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **3 DE XUÑO DE 2010.**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación coa adxudicación definitiva do contrato de obras “Construcción e mellora de saneamentos e abastecemento de Mourente e A Estrada” (Obra FEESL).

Visto o expediente tramitado para a contratación da devandita obra.

Vista a Resolución da Alcaldía nº 361/2010, de 4 de maio de 2010, de adxudicación provisional á empresa Construcciones Constenla-Vea, S.L.

Vista a documentación aportada con posterioridade por Construcciones Constenla-Vea, S.L., particularmente, xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5% do importe da adxudicación (excluído o IVE).

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de data 20-05-10.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 30/2007; e Decreto de Delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar definitivamente o contrato de obras “CONSTRUCCIÓN E MELLORA DE SANEAMENTOS E ABASTECIMENTO DE MOURENTE E A ESTRADA” (Obra FEESL), por importe de 168.854,80 € a CONSTRUCCIONES CONSTENLA VEA, S.L., con arranxo ao Proxecto, aos Pregos e á súa oferta.

2º.- Notifíquese o presente Acordo aos licitadores e publíquese a adxudicación definitiva no Perfil do Contratante.

A Estrada 3 de xuño de 2010.  
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.

